A dotación fundacional foi aportada na súa totalidade pola Xunta de Galicia no momento da constitución da Fundación.

10. SITUACIÓN FISCAL

10.1. Imposto sobre beneficios e outros aspectos fiscais

O detalle dos saldos debedores e acredores mantidos con Administracións Públicas a 31 de decembro de 2019 e do 2020 móstrase a continuación:

	2020	2019
Facenda Pública debedora		
Facenda publica debedora por IVA	3.407,89	0,00
Subvencións concedidas	0,00	35.740,97
Saldo Convenio Xunta – Seguridade Social	0,00	97,67
Total	3.407,89	35.838,64

	2020	2019
Facenda pública acreedora		
Facenda Pública acreedora por IVA	0,00	6.808,05
Por Retencións (IRPF - Alquileres)	14.999,60	8.558,04
Organismos da Seguridade Social acreedora	6.606,79	6.454,17
Saldo Convenio Xunta – Seguridade Social	7.303,37	0,00
Total	28.909,76	21.820,26

O SECRETARIO



Vº e Pr. O PRESIDENTE

A Fundación está sometida ao Réxime de entidades e institucións sen ánimo de lucro regulado na Lei 49/2002, de 23 de decembro, de Réxime Fiscal das Entidades sen Fins Lucrativos e dos Incentivos Fiscais ao Mecenado. De acordo con dito réxime, están exentas no Imposto sobre Sociedades as rendas derivadas de donativos e doazóns, dotación patrimonial, convenios de colaboración e contratos de patrocinio publicitario, cotas de asociados así como as subvencións que financien actividades exentas. Polo contrario, non están exentos os rendementos derivados de explotacións económicas non exentas, que tributan ao tipo do 10%.

A Fundación solicitou e obtivo a inscrición no Rexistro Oficial de Fundacións de Interese Galego. A Fundación comunicou con data 27 de outubro de 2004 á Delegación de A Coruña da AEAT a opción pola aplicación do réxime fiscal especial previsto na Lei 49/2002, de 23 de decembro, de Réxime Fiscal das Entidades sen Fins Lucrativos e dos Incentivos Fiscais ao Mecenado.

A totalidade das rendas recibidas pola Fundación durante o exercicio 2020 e 2019 están exentas polo que a base impoñible do imposto é cero.

A totalidade dos ingresos e gastos considéranse diferenzas permanentes negativas e positivas.

11. INGRESOS E GASTOS

A Fundación é unha entidade sen ánimo de lucro que desenvolve fins de interese galego, e como tal ten que cumprir que as cantidades que excepcionalmente poida percibir do conxunto dos seus beneficiarios non poderán exceder do custo real do servizo ou prestación, sen marxe comercial de clase algunha.

Ademais das subvencións imputadas ao exercicio figuran como ingresos da actividade propia da Fundación as cotas dos usuarios, cantidades percibidas polos mesmos en concepto de participación no custo de ditas actividades propias.

No ano 2019 non figura na partida 2.a) da conta de resultados "Axudas monetarias", dado que os premios 2019 foron entregados en 2020 e con cargo a presuposto de 2020.

O SECRETARIO



Vº e Pr. O PRESIDENTE



No ano 2020 o detalle da partida de "Axudas Monetarias" foi o seguinte:

Axudas Monetarias Individuais	2020
Premio Bolsa Eloy Gesto 2019 – Minia Banet Fraga	4.000,00
Premio Artesanía de Galicia 2019 - Frank Buschmann	9.000,00
Premio Bolsa Eloy Gesto 2020 – Loira Pérez Pérez	4.000,00
Premio Artesanía de Galicia 2020 – Antonio Sanjurjo Yáñez	9.000,00
TOTAL	26.000,00

Detalle da partida 7 da conta de resultados "Gastos de persoal":

	2020	2019
Soldos e salarios	210.767,45	201.258,93
S.S. a cargo da empresa	67.021,22	63.210,57
TOTAL	277.788,67	264.469,50

No ano 2020 non se concede ningunha subvención pola contratación de persoal.

O persoal da Fundación a 31 de Decembro de 2020 constaba de sete traballadores, 6 mulleres e 1 home, contratados en calidade de: Xerente, en calidade de persoal de alta dirección, tres Técnicos Superiores, un Técnico Medio e dous Auxiliares Administrativos en calidade de laborais fixos.

O SECRETARIO



Vº e Pr. O PRESIDENTE

Detalle da partida 8 da conta de resultados "Outros gastos da actividade".

	2020	2019
Arrendamentos e canons	34.897,15	50.662,70
Servizos de profesionais independentes	240.504,25	292.072,48
<i>Profesionais formación (docencia e demostración oficios)</i>	45.608,64	43.655,83
<i>Profesionais Corazón da Artesanía</i>	0,00	40.260,75
<i>Profesionais Pop up Saberes e Sabores</i> (1)	2.178,00	47.342,78
<i>Profesionais Feiras internacionais (Formex/Tent)</i> (2)	19.481,41	44.296,85
<i>Profesionais edición revista Obradoiro de Artesanía</i> (3)	19.587,15	3.420,60
<i>Profesionais Eventos autonómicos</i> (4)	13.898,62	26.891,39
<i>Profesionais Premios Artesanía de Galicia</i> (5)	3.932,50	17.411,36
<i>Profesionais Artesanía no prato / Artesanía Innovadora</i> (6)	11.070,00	21.477,50
<i>Reportaxes fotográficos obradoiros / prensa</i> (7)	40.401,90	0,00
<i>Web Artesanía de Galicia/ Mantemento</i> (8)	34.625,84	0,00
<i>Outros profesionais (gasto corrente e capital)</i> (9)	49.720,19	47.315,42
Transportes	5.095,92	5.394,31
Primas de Seguros	1.205,05	2.923,66
Servizos bancarios e similares	13,59	229,18
Publicidade, propaganda e relacións públicas	19.352,01	31.258,50
<i>Participación feiras</i>	8.850,00	24.250,43
<i>Publicidade xenérico (gasto corrente e capital)</i>	10.502,01	7.008,07
Subministro	1.625,13	1.690,24

O SECRETARIO




Vº e Pr. O PRESIDENTE



Outros Gastos		98.663,01	104.263,30
<i>Gastos dietas</i>		2.224,29	11.151,68
<i>Gastos limpeza</i>		3.382,98	3.358,87
<i>Gastos teléfono</i>		1.055,74	438,45
<i>Gasto material oficina</i>		523,24	1.004,79
<i>Gasto pezas artesanía</i>		59.714,89	53.991,96
<i>Gastos Encontro Agolada</i>		0,00	5.437,01
<i>Gastos Pop up Saberes e Sabores</i>		0,00	13.041,49
<i>Gastos material marca Artesanía de Galicia</i>	(11)	10.317,07	0,00
<i>Gastos xenéricos (gasto corrente e capital)</i>	(12)	21.444,80	15.839,05
TOTAL		401.356,11	489.976,48

(1) Profesionais Pop up Saberes e Sabores:

- Deseño imaxe

(2) Profesionais Feiras internacionais (Formex – Estocolmo, Tent London)

- Transporte stand e pezas de artesanía, e a montaxe e desmontaxe
- Deseño e elaboración material gráfico

(3) Profesionais edición revista Obradoiro de Artesanía

- Preparación e realización dos envíos
- Impresión

(4) Profesionais eventos autonómicos

- Montaxe feiras artesanía
 - o Sabor a Artesanía
 - o Mostra do viño de Amandi
- XIII Xornadas do Peregrino Abrindo camiño 2020, Mondoñedo
- Encontro de Torneiros, Xermade

(5) Profesionais Premios Artesanía de Galicia

O SECRETARIO



Vº e Pr. O PRESIDENTE

- Presentación Premios
 - Elaboración vídeo presentación
- (6) Profesionais Xornadas Profesionais Artesanía no Prato / Artesanía innovadora
- Organización Exposicións Fundación RAC
- (7) Reportaxe fotográfico / prensa
- Elaboración fotografías obradoiros rexistrados para páxina web
 - Elaboración fotografías para reportaxes
- (8) Web Artesanía de Galicia / Mantemento
- Cambios e modificacións no software da nova páxina web Artesanía de Galicia motivadas pola Covid19
 - Mantemento mensual
- (9) Outros profesionais
- Mantemento informático
 - Asesoramento fiscal e contable
 - Mantemento programa contabilidade
 - Mantemento fotocopiadora
 - Servizo prevención riscos laborais
 - Servizo auditoría contas anuais
 - Asesoría xurídica Xunta de Galicia
 - Mantemento protección de datos
- (11) Gastos material marca Artesanía de Galicia
- Material informativo marca
 - Mandís
 - Placas metacrilato
 - Caixas
- (12) Gastos xenéricos
- Licencias programa contabilidade
 - Material informático
 - Material embalaxe e formación

O SECRETARIO



Vº e Pr. O PRESIDENTE



Ingresos da actividade propia

Os ingresos por cotas de usuarios dos exercicios 2019 e 2020 foron:

	2020	2019
Cotas de usuarios (*)	30.764,55	84.035,80
TOTAL	30.764,55	84.035,80


(*) Correspóndese con cotas cobradas a usuarios por asistencia a cursos de formación e venda de pezas de artesanía.

12. SUBVENCÍONS, DOAZÓNS E LEGADOS


A Fundación recibiu da Dirección Xeral de Comercio e Consumo da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, subvencións nominativas non reintegrables, en concepto de axudas para o apoio á artesanía, por importe de 659.037,83 euros con cargo os orzamentos da Xunta de Galicia para o 2020. Son transferencias sen contraprestación recibidas da entidade dominante para financiar actividades específicas de interese público ou xeneral.

	Euros
<i>Saldo a 31 de decembro de 2018</i>	1.180.281,73
Ingresos por subvencións C. VII	371.300,00
Imputación a resultados subv. recibidas 2019	-301.854,37
Imputación a resultados subv. recibidas 2018	-642,53
Imputación a resultados subv. recibidas 2017	-183,92
Imputación a resultados subv. recibidas 2016	-158,92
Ingresos por subvencións C. IV	342.753,00
Imputación a resultados	-342.007,58
<i>Saldo a 31 de decembro de 2019</i>	1.249.487,41
<i>Ingreso por subvención C. VII</i>	336.000,00
<i>Imputación a resultados subv. recibidas 2020</i>	-353.927,57
<i>Imputación a resultados subv. recibidas 2019</i>	-364,00
<i>Imputación a resultados subv. recibidas 2018</i>	-642,53
<i>Imputación a resultados subv. recibidas 2017</i>	-181,25
<i>Imputación a resultados subv. recibidas 2016</i>	-19,18
<i>Ingresos por subvencións C. IV</i>	323.037,83
<i>Imputación a resultados</i>	-323.037,83
<i>Axuste saldo</i>	-439,00
<i>Saldo a 31 de decembro de 2020</i>	1.229.913,91

O SECRETARIO




Vº e Pr. O PRESIDENTE



Distinguimos, segundo a súa finalidade:

- Subvencións de capital por importe de 336.000,00 euros, dos cales foron recoñecidos como ingresos do exercicio un importe de 331.334,53 euros destinados a actividades de formación, promoción, divulgación e proxectos. No ano 2019 asinouse un acordo de colaboración coa Consellería do Mar para levar a cabo un proxecto de revalorización do sector artesán das redeiras chamado "ENREDADAS" para o período 2019 – 2020 por importe de 35.300,00 euros (recoñecido a totalidade no 2019). No ano 2019 imputáronse a resultados como ingresos 11.500,00 euros e o resto do importe, 23.800,00 euros impútanse no ano 2020.
- Subvencións correntes por importe de 342.753,00 euros destinadas a sufragar os gastos de persoal e outros gastos correntes da Fundación. No mes de abril informaron dunha redución de 19.715,17 euros na subvención, polo que o importe da subvención de corrente pasa a ser de 323.037,83 euros. Traspásase a resultados pola parte executada, un importe de 323.037,83 euros, figurando no patrimonio neto o importe pendente de aplicación das subvencións recibidas nos exercicios anteriores.

A totalidade das subvencións son de carácter non reintegrable, afectas á actividade propia da entidade e outorgadas pola Administración autonómica.

No exercicio 2019 e 2020 non hai subvencións pola contratación de persoal.

13. ACTIVIDADE DA ENTIDADE. APLICACIÓN DE ELEMENTOS PATRIMONIAIS A FINS PROPIOS. GASTOS DE ADMINISTRACIÓN

13.1. Actividade da entidade

A situación de alarma sanitaria motivada polo COVID-19 obrigou a pospoñer e cancelar moitas das actividades programadas para o ano 2020. Asemade dende a Fundación leváronse a cabo diferentes accións motivadas pola inusual situación.

I. Actividades realizadas

ACTIVIDADE 1

A) Identificación.

Denominación da actividade: Artesanía = Empresa

Tipo de actividade:

1a. Aposta pola comercialización no eido local, nacional e internacional e o seu posicionamento no mercado actual.

O SECRETARIO



Vº e Pr. O PRESIDENTE

1b. Reformulación dos sistemas tradicionais de comercialización e estudo sobre as posibilidades que ofrecen novas formas como a asistencia a feiras especializadas, a introdución do produto artesanán en accións de promoción de Galicia en colaboración con outras institucións, o pulo á realización de showrooms e pop up, a realización de feiras ou mostras de artesanía nas que se combine a promoción e a posta en valor dos oficios artesanais e a venda de produtos artesanás de alta calidade con outros elementos culturais (música, folclore, exposicións, talleres, gastronomía, etc)

Lugar de desenvolvemento da actividade: Galicia

Descrición detallada da actividade realizada.

Motivados pola situación de alarma do COVID-19 e as súas consecuencias foi necesaria a cancelación de actividades planificadas dende o ano 2019.

- Cancelación do **POP-UP ARTESANÍA DE GALICIA** na tenda HP FRANCE en Tokio (13 de marzo - 13 de abril 2019). Evento dedicado a Artesanía de Galicia cunha destacada mostra e venda de creacións dos artesáns e artesás galegos.
- Cancelación da cuarta edición do **POP-UP GALICIA. SABERES E SABORES** no Palacio de Santa Bárbara, Madrid (31 de abril - 10 de maio).
- Cancelación do **Corazón da Artesanía. IX Encontro da Artesanía Tradicional e Popular de Galicia** nos Pendellos de Agolada (10,11 e 12 de xullo)

Organización e colaboración en eventos para a recuperación de oficios en extinción.

O impulso á conservación dos oficios artesanais tradicionais forma parte da estratexia da Xunta de Galicia. A recuperación, o mantemento e a divulgación de profesións ancestrais constitúe unha ferramenta de dinamización social e de divulgación da nosa cultura, ademais de establecer referentes para os novos profesionais que se achegan ao sector artesanal galego.

- **Cancelación da Feira do ferro de Riotorto (16 de abril).** Aposta polo recoñecemento do oficio e posta en valor da forxa.
- **Cancelación do VII Encontro de Cacharreiros en Niñodagua (agosto).** Divulgación e recoñecemento da olería tradicional galega.
- **XX Encontro Internacional de Torneiros da Madeira en Xermade, 18 setembro.** A divulgación do oficio da tornaría de madeira e o eixe principal deste evento que nesta edición, pola situación sanitaria realizouse de forma virtual.

O SECRETARIO



Vº e Pr. O PRESIDENTE



Promoción, difusión e protección da marca Artesanía de Galicia en diferentes accións de comercialización

- Ante a demanda do sector pola necesidade de por en marcha actuacións de venda, dende a Fundación patrocínouse e coordinouse a **Feira Sabor a Artesanía**, 5 de xullo, Hotel NH Collection, Santiago de Compostela.

Participación de 33 obradoiros artesanás de diferentes oficios, obradoiros abertos a familias e música en vivo.

- Colaboración co **Mercado da Estrela. Nadal 2020**, 18-20 decembro, Santiago de Compostela coa participación de 30 obradoiros artesanás de diferentes oficios de toda Galicia.
- Colaboración co **Pop Up Mercado Galego da creatividade**, organizado polo colectivo Creativas Galegas coa participación de 9 obradoiros artesanás dentro dun colectivo de 23 pequenas empresas do deseño e a creatividade.
- Colaboración **Ofeitoaman**, unha iniciativa organizada pola Asociación Galega de Artesáns, é un referente nas feiras do Nadal galego que por primeira vez convértese nun evento virtual de comercialización e promoción da Artesanía de Galicia.

No ano 2020 traballamos con diferentes axentes en diferentes proxectos para a promoción e comercialización da nosa artesanía

- Colaboración coa Fundación Michelangelo para a inclusión de obradoiros e outras institucións na guía europea The Homo Faber Guide, unha guía que permite explorar museos, talleres e visitar galería e tendas onde se venden obxectos únicos mentres se disfruta dunha experiencia diferente. A Fundación Michelangelo é unha organización internacional sen ánimo de lucro que ten como obxectivo dar visibilidade e preservar a artesanía, así como fortalecer a súa relación co deseño.
- Asesoramento e colaboración con distintas marcas nacionais e internacionais para a introdución de artesáns e artesás galegos nas súas novas coleccións e proxectos.
- Coordinación e visita a distintos obradoiros galegos para un proxecto de market place de artesanía española que será presentado no 2021 coa presenza de obradoiros galegos vinculados á cerámica, forxa, madeira, cestería, téxtil e outros oficios.
- Coordinación e visita de diferentes obradoiros con propietarios de distintos puntos de venda en Madrid e Barcelona para a adquisición de novos produtos de Artesanía de Galicia: Cocol e La Real Fábrica en Madrid y Cala Blanca. Concept store en Barcelona.

O SECRETARIO



Vº e Pr. O PRESIDENTE



Participación de Artesanía de Galicia en stands, proxectos institucionais de promoción locais, nacionais e internacionais (material promocional, exposicións de pezas e demostracións de artesáns)

- Participación de Artesanía de Galicia no proxecto de Turismo de Galicia para o **Stand de Galicia en Fitur 2020**, en IFEMA, Madrid, 2-26 de xaneiro de 2020. Artesanía de Galicia colaborou con diferentes montaxes expositivas con produto artesán e a participación con demostración en vivo do obradoiro artesán Silvereira. Proxecto financiado por Turismo de Galicia.
- Colaboración no **LIII Concurso de Gaitas do País**, 19 setembro, Ponteareas.
- Colaboración nas **XIII Xornadas do Peregrino. Abrindo Camiño 2020**, 23-25 outubro, Mondoñedo. Evento coa participación dos obradoiros do Barrio dos Muíños de Mondoñedo.
- Colaboración co **XV Festival Internacional Rebulir**, 17-20 decembro, Ourense.

Encontros de palilleiras e tecedoras 2020

A Fundación colabora co asesoramento, divulgación e doazón de material da marca Artesanía de Galicia e agasallos institucionais.

- Encontro multilabores "Terra Meiga", 25 de xaneiro, A Coruña.
- XVI Xuntanza de palilleiras, 29 de febreiro, Neda.
- Encontro multilabores téxtiles, Asociación de encajes y Multilabores Textiles El Bierzo, 6 setembro, Ponferrada.

Programa Facemos Marca. Medrando cos Artesáns.

O obxectivo é favorecer o achegamento da artesanía a futuros profesionais do sector artesán galego difundindo os beneficios vinculados á obtención da carta da artesán e a inscrición no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia como obradoiro artesanal, ademais de divulgar os oficios artesanais e a marca Artesanía de Galicia.

Promoción da marca Artesanía de Galicia para dar unha maior visibilidade do produto artesán mediante un packaging uniforme e una presentación común nos mercados.

Obxectivos xerais:

- * Servir de marca paraugas, ofrecendo unha imaxe harmónica, coordinada e representativa dos produtos artesanais galegos.
- * Constituír unha sinal de identidade para os consumidores.
- * Ser garantía de calidade para os consumidores
- * Busca de novos puntos de promoción e venda do produto artesanal.

O SECRETARIO



Vº e Pr. O PRESIDENTE

Asesoramento telefónico, mailing, redes sociais, atención personalizada sobre o Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia, a marca Artesanía de Galicia, ordes de axudas viventes e ofertas existentes. A situación excepcional do COVID-19 motivou un asesoramento telefónico moi individualizado relacionado con cuestións moi diferentes as usuais.

Máis de 5.000 comunicacións cos diferentes destinatarios (artesáns e artesás, escolas, asociacións, concellos e diferentes institucións públicas e privadas)

Aposta pola difusión de Artesanía de Galicia como agasallo institucional

Co fin de achegar as institucións públicas e privadas á artesanía a Fundación continuou en 2020 coa xestión de produtos de Artesanía de Galicia.

Asesoramento personalizado adecuando das pezas ás peticións do cliente.

O ámbito do agasallo institucional e corporativo supón unha interesante oportunidade de desenvolvemento para un sector como o artesán, cuxa heteroxeneidade e riqueza supoñen ao mesmo tempo unha vantaxe para as entidades que decidan apostar por este tipo de pezas. Esta iniciativa supón un paso máis no apoio á comercialización da artesanía galega e que contribuirá, sen dúbida, a converter Artesanía de Galicia nunha marca de prestixio e un referente de calidade en calquera mercado.

Propostas presentadas e coordinadas pola Fundación: **60**

Propostas aceptadas: **38**

Produtos: máis de **2.200**

Oficios implicados: marroquinería, madeira, xoiería, cerámica, olería, ilustración, textil, amuletos de miga de pan de San Andrés de Teixido.

Apoio e aposta á internacionalización

Promoción da participación de obradoiros artesáns galegos en feiras profesionais internacionais coa presenza do stand institucional de Artesanía de Galicia.

FORMEX é a maior feira de deseño nórdico de interiores e conta con dúas edicións anuais, en xaneiro (14–17 de xaneiro de 2020) e agosto (edición cancelada pola COVID-19). Este evento celébrase en Stockholmssäsan, un recinto con tres pavillóns dedicados á decoración de interiores, deseño nórdico e exteriores.

Formex é un lugar de encontro único para os 950 expositores e máis de 17.000 visitantes tanto de Suecia como doutros países.

O SECRETARIO



Vº e Pr. O PRESIDENTE

Esta feira está aberta a todos os profesionais relacionados coas áreas do téxtil para o fogar, mobles e obxectos decorativos en xeral.

Obradoiros participantes: 51

Produtos referenciados no catálogo: 282

Puntos de venda internacionais: actualmente os produtos da marca Artesanía de Galicia están presentes en **52 puntos** de venda de diferentes países como Suecia, Austria, Francia, Inglaterra, Italia, Alemaña, Dinamarca, Noruega ou Xapón.

7 novos puntos de venda (4 en Suecia, 2 en Austria e 1 en Dinamarca) e outros **3** de tendas que xa contan coa marca Artesanía de Galicia (1 en Suecia, 1 en Noruega e 1 en Alemaña).

Distribuidores: a día de hoxe contamos con **6 distribuidores** dos produtos da marca Artesanía de Galicia noutros países (2 en Xapón, 1 en Alemaña, 1 en Australia, 1 en Dinamarca e 1 en Inglaterra).

Contactos directos realizados no stand de Artesanía de Galicia: ata o día de hoxe leváronse a cabo en feiras internacionais preto de **378 contactos directos con profesionais** do sector, interioristas, tendas e distribuidores.

Nesta edición de Formex foron **53 os potenciais clientes** cos que tratamos directamente na feira e cos que fixemos unha labor comercial a posteriori, na procura de novos puntos de venda ou de máis pedidos no caso de clientes xa existentes.

Dossier para prensa especializada: durante a edición de xaneiro de Formex distribuíronse unhas **75 carpetas** para a prensa especializada, que contén a seguinte información impresa: nota de prensa, información sobre os obradoiros participantes e folleto promocional da marca. A carpeta contén tamén un usb con fotografías en alta resolución de todas as pezas e a lista profesional de prezos.

Kit de prensa online: inclúe nota de prensa, información sobre os obradoiros participantes, folleto promocional da marca, fotografías en alta resolución de todas as pezas e lista profesional de prezos. O kit de prensa enviouse a máis de 250 contactos de **100 medios de comunicación internacionais**.

Toda esta información foi difundida tamén mediante o acceso online habilitado polos organizadores de Formex para toda a prensa acreditada (segundo informes da feira foron uns **800 os medios acreditados**)

A Fundación difunde e realiza un seguimento anual das pezas seleccionadas entre os clientes potenciais e consolidados, así mesmo actúa como intermediaria na coordinación, organización e seguimento da exposición, vendas, loxística e expedición de todos o pedidos realizados.

O SECRETARIO



Vº e Pr. O PRESIDENTE

B) Recursos humanos empregados na actividade.

Tipo	Número		Nº de horas / ano	
	Previsto	Realizado	Previsto	Realizado
Persoal asalariado	7	7		
Persoal con contrato de servizos				
Persoal voluntario				

C) Recursos económicos empregados na actividade.

Gastos / Inversións	Importe	
	Previsto	Realizado
Gastos por axudas e outros		
a) Axudas monetarias		
b) Axudas non monetarias		
c) Gastos por colaboracións e órganos de goberno		
Variación de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación		
Aprovisionamentos		
Gastos de persoal		
Outros gastos de explotación	248.300,00	159.099,02
Amortización do inmovilizado		
Deterioración e resultado por alleamento de inmovilizado		
Gastos financeiros		
Variacións de valor razoable en instrumentos financeiros		
Diferenzas de cambio		
Deterioración e resultado por alleamentos de instrumentos financeiros		
Impostos sobre beneficios		
Subtotal gastos	248.300,00	159.099,02
Investimentos (agás bens patrimonio histórico)		
Adquisicións bens patrimonio histórico		
Cancelación débeda non comercial		
Subtotal recursos	0,00	0,00
TOTAL	248.300,00	159.099,02

ACTIVIDADE 2

O SECRETARIO



Vº e Pr. O PRESIDENTE

A) Identificación.

Denominación da actividade: Profesionalización, fortalecemento do tecido produtivo artesán e maior visibilidade do sector

Tipo de actividade:

2a. Formación especializada e mellora continua do sector.

2b. Aposta por unha maior visibilidade do produto feito a man.

Lugar de desenvolvemento da actividade: Galicia, internacional

Descrición detallada da actividade realizada.**Formación especializada**

Divulgación de todos os programas formativos, webinars e videoconferencias en materia de profesionalización e competitividade postos en marcha dende a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación e outros departamentos da Xunta de Galicia institucións de ámbito estatal (EOI, Fundesarte...)

Programas organizados pola Fundación:

- **Tecidos con novos materiais**, impartido por Albino Quinteiro, 11, 12, 25 e 26 de xaneiro, 8, 9, 15, 16 e 29 de febreiro, 1, 14 e 15 de marzo, Gondomar. Curso iniciado no exercicio 2019.
- **Obradoiro de Bordado sobre fotografía**, impartido por Minia Banet, 2 e 3 de agosto, Tui, dentro da programación de Música no Claustro.
- **Formación estratéxica para a nova artesanía**, impartido por Xènia Viladás e Marta Ruiz de León, 6, 13, 20 e 27 de outubro, online.
- **Márketing dixital e xestión de redes sociais**, impartido por Javier Rocamora, 22, 23, 29, 30 de outubro e 5 de novembro, Online.

Cursos de formación especializada dirixida a profesionais do sector e a novos emprendedores: 4

Docentes profesionais: 5

Solicitudes recibidas: 179

Alumnos aceptados: 71

O SECRETARIO



Vº e Pr. O PRESIDENTE

Proxecto ENREDADAS 2019-2020

Proxecto de colaboración a través dun convenio bianual (2019-2020) entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación e a Consellería do Mar. Programa organizado e coordinado pola Fundación

Obxectivos xerais:

- Posta en valor do traballo das redeiras galegas, o seu oficio e apoio á diversificación da súa actividade profesional que permita melloras económicas ao colectivo e o desenvolvemento sustentable de zonas de pesca.
- Incorporar novos colectivos de redeiras a estas actividades e ampliar a formación daquelas que xa forman parte do proxecto.
- Fomentar a colaboración intersectorial en novas liñas de actuación e a colaboración intersectorial (deseñadores de produto, moda, decoración, hostalaría e outros) que abre as portas ás redeiras a un mercado contemporáneo que complementa e diversifica a súa labor tradicional
- Creación de novas liñas de produtos de complementos, bisutería e decoración de carácter artesanal e capacitación para a colaboración con outras disciplinas.
- Introducción e experimentación con novos materiais e mellora das técnicas e da calidade dos produtos elaborados.
- Aposta pola sustentabilidade e a economía circular.
- Apoio á comercialización e promoción do proxecto ENREDADAS.


O programa formativo contempla o deseño de produtos, o perfeccionamento na elaboración de complementos de moda, a decoración e a mellora na xestión económica.

- **Curso de técnicas complementarias ao oficio tradicional das redeiras: corte e confección**, impartido por María José Martínez. Continuación do curso iniciado no ano 2019.
- **Deseño e aplicación das técnicas das redeiras ao sector da moda e complementos**, impartido por Rosalía Castro Tubío, 24, 25 de outubro, 6, 7, 8, 14 e 15 de novembro, Buño (Malpica de Bergantiños)
- **Xestión básica da actividade comercial: análise de produción e prezos de venda**, impartido pola empresa Implicatum, 26, 27 e 28 de outubro 2, 3, 4, 9, 10, 11, 16, 17, 18, 23, 24 e 25 de novembro. Edición Online.
- **Iniciación á aplicación das técnicas das redeiras ao sector da decoración**, impartido por Raquel Sousa Vila, 21, 22, 28, 29 de novembro, 5, 12 e 13 de decembro, Buño (Malpica de Bergantiños)

O SECRETARIO




Vº e Pr. O PRESIDENTE



- Participación na xornada informativa **Diversificación profesional: oportunidades e vantaxes na nova conxuntura económica / Redeiras de Galicia**. Patrocinado por la Consellería do Mar, 3 outubro, Pastoriza (A Coruña).

Edición de contidos e vídeos promocionais do proxecto nas redes sociais.

Deseño e produción da exposición **ENREDADAS** que itinerará por diferentes localidades no ano 2021

Colaboración, promoción e divulgación das diferentes axudas publicadas pola dirección Xeral de Comercio e Consumo e pola Xunta de Galicia no ano 2020 de interese para o sector artesán.

B) Recursos humanos empregados na actividade.

Tipo	Número		Nº de horas / ano	
	Previsto	Realizado	Previsto	Realizado
Persoal asalariado	7	7		
Persoal con contrato de servizos				
Persoal voluntario				

C) Recursos económicos empregados na actividade.

Gastos / Inversións	Importe	
	Previsto	Realizado
Gastos por axudas e outros		
a) Axudas monetarias		
b) Axudas non monetarias		
c) Gastos por colaboracións e órganos de goberno		
Variación de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación		
Aprovisionamentos		
Gastos de persoal		
Outros gastos de explotación	48.700,00	53.862,59
Amortización do inmovilizado		
Deterioración e resultado por alleamento de inmovilizado		
Gastos financeiros		
Variacións de valor razoable en instrumentos financeiros		
Diferenzas de cambio		
Deterioración e resultado por alleamento de instrumentos		

O SECRETARIO



Vº e Pr. O PRESIDENTE

financeiros		
Impostos sobre beneficios		
Subtotal gastos	48.700,00	53.862,59
Investimentos (agás bens patrimonio histórico)		
Adquisicións bens patrimonio histórico		
Cancelación débeda non comercial		
Subtotal recursos	0,00	0,00
TOTAL	48.700,00	53.862,59

ACTIVIDADE 3**A) Identificación.**

Denominación da actividade: Divulgación

Tipo de actividade:

3a. Accións de promoción e publicidade da actualidade e realidade da artesanía de Galicia.

Lugar de desenvolvemento da actividade: Galicia

Descrición detallada da actividade realizada.

Premios Artesanía de Galicia 2020.

O pasado 26 de outubro publicáronse no DOG as bases dos Premios do ano 2020. O obxectivo desta iniciativa é recoñecer a mellora continua no labor dos profesionais do sector artesán galego e contribuír ao seu desenvolvemento económico e promocional.

O pasado 11 de decembro réunese o xurado desta nova edición dos Premios Artesanía de Galicia 2020.

Presidente:

Director Xeral de Comercio e Consumo,
D. Manuel Heredia Pérez

Vogais:

1. D. Frank Buschmann, artesán do Obradoiro Woodworks Buschmann Bella e gañador do Premio Artesanía de Galicia 2019
2. Dna. Marta López Quintás, subdirectora xeral de Comercio e Consumo
3. D. Santiago Riande, director da EADS Mestre Mateo
4. Dna Miriam Pérez, directora da Galería Vilaseco da Coruña
5. Dna. Charo Froján, deseñadora e fundadora da empresa de moda D-Due.

O SECRETARIO



Vº e Pr. O PRESIDENTE

A xerente da Fundación Pública Artesanía de Galicia, Dna. Elena Fabeiro, actuou como secretaria do xurado, con voz pero sen voto.

Premio Artesanía de Galicia, cunha dotación de 9.000 euros e trofeo acreditativo, premia a obra que represente as liñas desexadas para unha artesanía competitiva no mercado actual como son o deseño, a adaptación ou conservación das técnicas e valores tradicionais máis característicos da nosa artesanía, a incorporación ás tendencias actuais, a innovación, a boa presentación e a calidade da obra tanto nos seus materiais como no desenvolvemento desta.

Premio Traxectoria, sen dotación económica e con trofeo acreditativo, valora a traxectoria recoñecida da persoa candidata, a súa contribución, posta en valor e promoción da artesanía galega, a calidade dos seus traballos realizados e o compromiso coa divulgación e transmisión pedagóxica dos principais valores positivos no eido da nosa artesanía.

Premio Bolsa Eloy Gesto, esta bolsa de formación de 4.000 euros, ten a finalidade de potenciar o relevo xeracional na artesanía, o acceso de novos talentos ao sector e a súa profesionalización. Premia a candidatura que presente unha proposta para a súa formación nun centro formativo ou nun Obradoiro artesanal de referencia no eido da artesanía e o deseño.

O 29 de decembro acto de entrega dos Premios Artesanía de Galicia 2020 no claustro do Hotel Monumento San Francisco a gala en formato que combina o acto presencial e a retransmisión online para asistentes virtuais.

Premios Nacionais de Artesanía

A calidade e a distinción da artesanía de Galicia está cada vez máis presente nos Premios Nacionais de Artesanía convocados polo Ministerio de Industria, Comercio y Turismo (MINCOTUR), que teñen como finalidade o recoñecemento institucional ao máis alto nivel a traxectorias e actuacións destacas pola súa excelencia e carácter exemplarizante no campo da artesanía .

Un exemplo, na XIII Edición, celebrada este 2020, Galicia acadou tres finalistas en dúas categorías. Trátase de dous obradoiros artesanais e a Xunta:

- **Finalista PREMIO PRODUTO:** Inés Rir&Co, Allariz, Ourense.
- **Finalista PREMIO PRODUTO:** Santiago Besteiro Design, Monterroso, Lugo. Presente finalista tamén no Premio Artesanía de Galicia 2020
- **Finalista PREMIO PROMOCIONA PARA ENTIDADES PÚBLICAS:** Fundación Pública Artesanía de Galicia polo proxecto **Artesanía no Prato**, iniciado no ano 2013.

O SECRETARIO



Vº e Pr. O PRESIDENTE

Revista Obradoiro de Artesanía 2020

Coordinación da edición anual do número 18 da revista **Obradoiro de Artesanía**. A través da publicación desta revista a Fundación pretende amosar un escaparate da ampla diversidade e riqueza do produto artesanán galego, ao tempo que establece unha canle de comunicación do sector coas diferentes liñas de actuación do goberno galego en materia de artesanía, así como unha plataforma de encontro entre a artesanía e outros sectores de interese coma o turismo, a gastronomía, a arte, a moda, a arquitectura ou a educación.

Edición: 18**Distribución: 5.000**

Destinatarios/as: artesáns e artesás, asociacións artesanais, profesionais da arquitectura e da decoración, eventos e feiras nacionais e internacionais, oficinas de turismo, galerías, hoteis, bibliotecas, tendas, museos e outros.

Edición trilingüe (galego/castelán/inglés) para promocionar a comercialización nun mercado internacional cada vez máis interesado na nosa artesanía.

Nova ferramenta WEB ARTESANIADEGALICIA.XUNTA.GAL**Plataforma de visibilización e comercialización do sector.**

A situación da crisis sanitaria ocasionada polo COVID-19 pon de manifesto a importancia da dixitalización no desenvolvemento das actividades económicas nas que a artesanía non é unha excepción.

